

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xaneiro 2007

COMUNICADO

Aumenta o gasto diario medio e descende o gasto total dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de Galicia en xaneiro de 2007 respecto ao mesmo mes do ano anterior

En xaneiro de 2007 descende nun 0,6% en taxa interanual o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia.

Segundo datos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” correspondentes ao mes de xaneiro de 2007, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos descendeu en termos correntes nun 0,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, situándose en 20,1 millóns de euros.

Esta variación é debida ao descenso do 2,8% experimentado en taxa interanual no número de pernoitas realizadas por parte dos viaxeiros deste tipo de establecementos; o gasto diario medio situouse en xaneiro de 2007 en 121,3 euros, o que supón un crecemento do 1,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

O gasto total realizado polos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros situados nas provincias da Coruña e Pontevedra representa en xaneiro de 2007 o 86,5% do total. O gasto total realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de 3 e mais estrelas da provincia da Coruña foi de 9,1 millóns de euros, experimentando un descenso interanual do 20,3%. O correspondente a provincia de Pontevedra ascendeu a 8,3 millóns de euros, cun crecemento interanual do 25,7%. Pola súa parte, o gasto total realizado nos establecementos hoteleiros das provincias de Lugo e Ourense ascendeu a 1,3 e 1,4 millóns de euros, cun taxas de variación interanuais de 9,5% e 40,2% respectivamente.

Segundo a categoría dos establecementos hoteleiros, en xaneiro de 2007 descende nun 19,5% o gasto total realizado polos viaxeiros de establecementos hoteleiros de cinco estrelas de Galicia, cun importe de 1,9 millóns de euros. Este tipo de establecementos sitúanse maioritariamente na provincia da Coruña, particularmente en Santiago de Compostela. O importe do gasto total realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de catro e tres estrelas ascendeu a 12,2 e 6,0 millóns de euros, experimentando taxas de variación interanuais do 4,2% e -2,4% respectivamente.

A taxa de variación interanual do gasto total corrixido do efecto calendario é de -0,6% igual que sen aplicar a mencionada corrección.

Aumenta nun 1,7% en taxa interanual o gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Galicia en xaneiro de 2007.

En xaneiro de 2007 o gasto diario medio por persoa situouse en 121,3 euros, o que supuxo un incremento interanual do 1,7%.

O gasto diario medio dos viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros situados na provincia da Coruña descendeu en xaneiro de 2007 nun 8,3% en taxa interanual, acadando importe de 120,6 euros. Pola conta aumentou no resto das provincias galegas. Así, o gasto diario medio foi de 125,3 euros na provincia de Pontevedra, cunha variación interanual de 12,7%. Nas provincias de Lugo e Ourense o gasto diario medio ascendeu nun 6,6% e 34,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, acadando un importe de 105,5 e 120,2 euros respectivamente.

Segundo a categoría dos establecementos, o gasto diario medio por persoa aumentou en xaneiro de 2007 nun 8,2% en termos interanuais nos establecementos hoteleiros de 4 estrelas, acadando un importe de 135,0 euros. En xaneiro de 2007 produciuse un descenso interanual do 5,5% e 5,0% no gasto diario medio por persoa nas categorías de 5 e 3 estrelas, acadando un importe de 162,6 e 94,1 euros en cada caso.

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xaneiro 2007. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	20.134,3	-0,6%	-0,6%
Gasto diario medio por persoa (euros)	121,3	1,7%	1,7%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total (miles de euros)	20.134,3	-0,6%	-0,6%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xaneiro 2007. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	20.134,3	-0,6%	-0,6%
A Coruña	9.116,5	-20,3%	-20,3%
Lugo	1.329,0	9,5%	9,5%
Ourense	1.384,2	40,2%	40,2%
Pontevedra	8.304,6	25,7%	25,7%
Gasto diario medio	121,3	1,7%	1,7%
A Coruña	120,6	-8,3%	-8,3%
Lugo	105,5	6,6%	6,6%
Ourense	120,2	34,2%	34,2%
Pontevedra	125,3	12,7%	12,7%

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros


Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xaneiro 2007. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	20.134,3	-0,6%	-0,6%
3 estrelas	5.996,5	-2,4%	-2,4%
4 estrelas	12.195,0	4,2%	4,2%
5 estrelas	1.942,8	-19,5%	-19,5%
Gasto diario medio	121,3	1,7%	1,7%
3 estrelas	94,1	-5,0%	-5,0%
4 estrelas	135,0	8,2%	8,2%
5 estrelas	162,6	-5,5%	-5,5%

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
Fax: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>